

| ser **texto** que |

É malvada a escritura.

É tramposa.

Fíxoches crer no teu prodixio persoal. As túas cartas imaxinativas e audaces, os teus exames de matrícula de honra, as túas redaccións louvadas polas monxas, primeiros relatos e poemas cheos da zoupona seiva do crecemento. Por escrito ti eras tóxica coma todo o fabuloso.

Ramificaches no aire. Escribiches sobre cortizas desangradas e secas. O teu cerebro enxendrou aneis, dendros, celulosa disposta a ser escrita, é dicir, violada cada certo tempo.

O mundo constituíao unha palabra. Ti sempre, sempre, tiñas a fortuna de poder pronunciala.

Sempre -sempre- acertábala.

Coas relacións persoais empezouche a ir peor. En vivo e en directo a xente engurraba ao te coñecer. Non é que foses desagradable, en absoluto. Era só que che faltaba algo... non sei. Un sotaque. Unha tipografía discursiva máis clara. Negro sobre branco. A contundencia dos teus argumentos por escrito talábase no cara a cara. Todos os que te amaban ao te leren, que moitos eran, os que caían rendidos tras dos teus puntos finais, suspensivos, os teus dous puntos, os que entraban en coma polo teu desprezo cara as comas, os que adoraban o teu pulso, as túas negriñas, a *bastardilla* dos teus maxistrais enxeños verbais, os que en definitiva poñían os ollos en branco e *lambían* a páxina onde ti pasabas de secuencia xenética a secuencia sintáctica... todos acababan por non querer volver tropezarse contigo.

Evitábante no metro, no bus. Finxían non verte na biblioteca, na froitería. Na sex-shop.

Todos acababan por non querer volver tropezarse contigo. No mundo ese. Real.

Non che importaba demasiado. Preguntácheslles ás túas editoras se a venda dos teus libros perigaba. *Non*, responderon. *A venda dos teus libros ascende, as cartas das túas fans seguen embutindo o noso pequeno puñeteiro buzón. Segue adiante, Escritóraliz Escritora. Adiante.*

Non te convencían.

Diante do espello, do teu corpo de diario, case iridiscente, case comezando a desaparecer. O teu sorriso de Cheshire, os teus membros do Griffin de Wells, o teu cerebro de lince ibérico, pita de monte e cangarexo de río. A piques de

desaparecer. Ante o espello es case transparente. Pensas nas túas sólidas editoras, cos seus lentes tres veces sólidos. Sólidas e estólicas. E impávidas. E esdrúxulas. Non che convencen en absoluto. Para nada. Non. E non.

Por exemplo. Ti viras a H. aquela mañá. A mañá fora o anonimato, ti poderías estar morta ou ter fugado a Brasil. Ninguén te viu. Na túa casa non había ninguén. O correo colapsaba de mails sen contestar. Non deixaches pegadas na porta que pechaches con luvas. Non xeraches lixo. As chamadas non foron devoltas. O frío cortaba o teu rostro ata facelo esvaecer, case non tiñas rostro, érase unha vez un pucho e unha bufanda ocos sobre un abrigo oco ante un par de coquetas luvas ocas. Só ficaba de ti o lunar no centro xeométrico do teu pescozo, unha especie de satélite que orbita o teu cráneo sen se desprazar. Case non existías porque toda a túa vida envorcábase nunhas 100 páxinas amoreadas nunha mesa. Elas comían o que non comías ti, nutríanse da túa esencia e, vistas de esguello, atreveríaste a dicir que palpitaban xordamente. Compuñan unha historia.

[cal das semánticas anteriores precisará ser explicada no futuro? A palabra *mail* xunto a *correo*? Pita de monte? Sorriso de Cheshire? E cal acompañará á raza humana ata o momento xusto no que ti les isto, tornando incesaria unha nota ao pé ou un hipertexto?]

Ninguén te viu saír nin entrar. Non mercaches leite. O único que accediches mastigar foi un anaco de pan do día anterior ou de había varios días.

Eras anónima.

Talvez por iso ver a H. turbouche o ánimo. Era inesperado e no teu pucho oco a conversa non se coagulaba, non pedía abrirse paso ata a túa boca. Non soubeches que dicir. H. esperaba de ti a pirotecnia, o artificio, a revelación do segredo do cosmos, o por que disto e aquilo ou polo menos unha puta suxestión literaria.

Ti. Non. Dixeches apenas nada.

Limitábaste a sorrir. Pero o sorriso é patrimonio dos parvos, dos que non teñen nada que ofrecer máis que o seu sorriso. O sorriso procede do medo. Do nervio social. Os chimpancés da Jane Goodall sorríanse por nerviosismo. O sorrisiño nervioso é o parafuso solto dese acto que é sorrir e ao que atribuímos seguridade, confianza nun mesmo, facilidade para o orgasmo. Nada que ver co riso, que pon en funcionamento a musculatura toda, o esqueleto, a intelixencia: é un proceso contundente, preciso e acabado. O sorriso é un medio facer. Un non saber para onde tirar. No sorrisiño nervioso descóbrese a súa verdadeira orixe rastreira, que mostra os dentes sen control, desesperadamente. Sorrir é para os desesperados. Pero para os desesperados sociais. Existen desesperados introspectivos. Kafka, Shostakóvich, Clarice Lispector, Fleur Jaeggy, Valle-Inclán. Non precisaban sorrirte nunca.

Que fas sorríndolle a H.?

H. cre que es simpática. Que lle segues o rolo. Intentas esterilizar o teu sorriso a base de mentalizacións. Pontes derrubándose, aforcados, concellos estafadores.

A túa expresión varía. H. marcha, decepcionado de non atopar á muller prodixiosa, á heroína de todas as túas novelas desde *Pretensión* ata *Ovalado misterio*, ao eu disimulado nun ti de todos os teus poemas desde *Glup* ata *O seu carbono radiante*, á intelixencia eruptiva mimetizada en longas frases subordinadas de ensaios brillantes como *Política para Nintendo e a Play*, *O cinema que empobreceu o uranio*, *Pensamentos siameses* ou *A natureza da morte en contextos de ingravidez*.

H. non atopa nada diso. Atopa tan só a unha muller aparentemente estúpida cunha conversa en forma de glaciación. Marcha na procura de calquera can que lle ladre.

Ti percibes entón, nese divino momento, que a túa humanidade non se parece nin de lonxe á túa literatura. Ese pensamento natural alíase con estoutro: entre ser ente literario ou ser humana sae gañando o primeiro.

Entre ser texto ou non selo, elixes selo.

Así é como chegas á túa casa. Diante do espello, do teu corpo de diario, case iridiscente, case comezando a desaparecer. O teu sorriso de Cheshire, os teus membros do Griffin de Wells, o teu cerebro de lince ibérico, pita de monte e cangrexo de río.

Desapareces nun tifón diminuto que comeza nos teus ollos: transforman en dous puntos, coma os dun puto emoticón. As túas orellas, todas as orellas, curvaron sempre como interrogacións a ambos os dous lados do cranio; niso trocan. Nos teus brazos os tendóns rinchan enchendo dunha fibra pastosa. As febras de papel substitúen o teu sistema vascular. O teu clítoris metamorfosea nun punto suspensivo, seguido doutros dous, invisibles, subcutáneos. A tinta flúe coma se viñese de derramar por unha mesa de traballo, as túas pálpebras aletean coma folios a carón dunha fiestra que un trebón abre de súpeto. Un vurullo de papel con frases endexamais pronunciadas desdobra ata a túa lingua, ata os teus peitos baixan enroscadas obscenidades e versos cursis, da man, extremo con extremo. O cursi e o obsceno nalgún punto rózanse. Volves a un tempo negriña e cursiva e tachada e letra capitular. O lunar do teu pescozo é o punto de partida, a túa palabra maiúscula, a túa voz.

No espello, unha lámina de papel contéplase. Engurra. Cae. Como a todos, só lle queda agardar. Ser lido.

O papel componse de fibras vexetais, é dicir, de materia orgánica, ou o que é o mesmo, de elementos que están ou estiveron vivos.

A historia que conta ese papel. Xa non a distinguimos. Saímos deste texto desordenadamente, como lectores compunxidos por un final tan melancólico como no fondo desexable.

Como os textos rongo-rongo, o manuscrito Voynich, o liñal A, grafittis ao longo de soidosas vías de tren, mensaxes no interior de celas ou despachos de torturas ou paredes íntimas de casas derruidas. Historias mudas. Escritas que ao final non serán nin grandiosas nin vaidosas nin inapropiadas nin rancias.

Nun ceo demasiado cheo, só indescifrables.

2008